

## **Boletín Nº 300. Viernes, 31 de diciembre de 2004**

### **ORDENANZA FISCAL Nº 2-I**

#### **REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS**

##### **Artigo 1º . Natureza e Feito Impoñible.**

1. O Imposto sobre Actividades Económicas é un tributo directo de carácter real no que o feito imponible está constituído polo mero exercicio neste termo municipal de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, exérganse ou non en local determinado e estean ou non especificadas nas tarifas do Imposto.

2. A estes efectos, considéranse actividades empresariais as gandeiras cando teñan carácter independente, as mineiras, industriais, comerciais e de servicios. Non teñen, pois, tal consideración as actividades agrícolas, as gandeiras dependentes, as forestais e as pesqueiras, non constituíndo feito imponible polo Imposto ningunha delas. Segundo isto, terá a consideración de gandeira independente o conxunto de cabezas de gando que se atopen nalgún dos casos seguintes:

a) Que paste ou se alimente fundamentalmente en terras que non sexan explotadas agrícola ou forestalmente polo dono do gando.

b) O estabulado fóra das fincas rústicas.

c) O trashumante.

d) O que se alimente con pensos non producidos na finca na que se cría o gando.

3. Considérase que unha actividade se exerce con carácter empresarial, profesional ou artístico cando supoña a ordenación por conta propia dos medios de produción e dos recursos humanos ou dun deles coa finalidade de intervir na produción ou distribución dos bens ou servicios.

4. O contido das actividades grabadas definirásen nas tarifas do Imposto .

5. O exercicio das actividades probarase por calquera medio admitido en dereito e, en particular , polos cotemplados do artigo 3 do Código de Comercio.

##### **Artigo 2º . Exencións.**

Recoñécense as previstas no artigo 82 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

##### **Artigo 3º . Bonificacións.**

Recoñécense as previstas no artigo 88.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, pero non as que con carácter potestativo fai referencia o mesmo artigo 88.2 do citado Real Decreto Legislativo.

##### **Artigo 4º . Suxeitos Pasivos.**

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 , de 17 de decembro, Xeral Tributaria sempre que realicen no territorio calquera das actividades que orixinan o feito impositivo.

#### **Artigo 5º . Cota Tributaria.**

É a resultante de aplica-las tarifas do Imposto, de conformidade cos preceptos contidos no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e nas disposicións que a complementen e desenrolen .

As cotas do imposto exaccionaríanse e distribuiríanse con arreglo o disposto no artigo 85.4 do RDL 2/2004 , de 5 de marzo.

#### **Artigo 6.º Tarifas do Imposto.**

As tarifas do Imposto , nas que se fixarán as cuotas mínimas , así como a Instrución para a súa aplicación , aprobaráse por Real Decreto Legislativo do Goberno, que será dictado en virtude da presente delegación legislativa o amparo do disposto no artigo 82 da Constitución.

A fixación das cuotas mínimas axustaráselle as bases establecidas no artigo 85.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 , de 5 de marzo.

As Leis de Orzamentos Xerais do Estado poderán modificar as tarifas do imposto, así como a Instrución para á súa aplicación , e actualiza-las cuotas en elas contidas. Autorízase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenrolo e aplicación das tarifas e Instrución do imposto.

#### **Artigo 7º . Normas de xestión do Imposto.**

1. O imposto xestionase a partir da matrícula de éste. A citada matrícula formaráselle anualmente para cada término municipal e estará constituída por censos comprensivos das actividades económicas , suxeitos pasivos, cuotas mínimas e, no seu caso , do recargo provincial. A matrícula estará a disposición do público nos respectivos concellos.

2. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar as correspondentes declaracións censais de alta manifestando tódolos elementos necesarios para a súa inclusión na matrícula nos termos do artigo 90.1 do TRLRFL e dentro do prazo que regulamentariamente se establezca. A continuación practicaráselle pola Administración competente a liquidación correspondente, a cal se notificará o suxeito pasivo, que deberá efectuar o ingreso que proceda.

Do mesmo modo , os suxeitos pasivos estarán obrigados a comunicar as variacións de orden físico , económico ou xurídico que se produzan no exercicio das actividades gravadas e que teñan transcendencia a efectos deste imposto , e as formalizarán nos prazos e términos regulamentariamente determinados.

En particular, os suxeitos pasivos ós que non lles sea de aplicación a exención prevista no párrafo c) do apartado 1 do artigo 82 do TRLRFL , deberán comunicarse á Axencia Estatal de Administración Tributaria o importe neto da súa cifra de negocios. Do mesmo modo , os suxeitos pasivos deberán comunicar ás variacións que se produzan no importe neto da súa cifra de negocios cando tal variación supoña a modificación da aplicación ou non da exención prevista e anteriormente mencionada ou unha modificación no tramo a considerar a efectos

da aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 86 do TRLRFL. O Ministro de Facenda establecerá os supostos en que deberán presentarse estas comunicacións, o seu contido e o seu prazo e forma de presentación , así como os supostos en que habrán de presentarse por vís telemática.

3. A inclusión , exclusión ou alteración dos datos contenidos nos censos , resultantes das actuacións de inspección tributaria ou da formación de altas e comunicacións , consideraráse acto administrativo, e conlevará a modificación do censo. Calquera modificación da matrícula que se refira a datos obrantes nos censos requirirá, inexcusablemente , a previa alteración deste últimos no mesmo sentido.

4. A formación da matrícula do imposto, a calificación das actividades económicas , o señalamiento das cuotas correspondentes e , en xeral a xestión censal do tributo levaráse a cabo pola Administración Tributaria do Estado. Sen perxuício de isto , a notificación destes actos pode ser practicada polos concellos ou pola Administración do Estado, xuntamente ca notificación das liquidacións tributarias conducentes á determinación das débedas tributarias.

5. A liquidación e recaudación, así como a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria levaráse a cabo polo Concello. A xestión tributaria deste Imposto, que comprende as funcións de concesión e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes a determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución de recursos que se interpoñan contra ditos actos e actuacións para a información e asistencia ó contribuínte.

6. A inspección deste imposto levaráse a cabo polos órganos competentes da Administración Tributaria do Estado ,sen perxuício das delegacións que podan producirse.

#### **Artigo 8º . Delegación de facultades.**

O Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 17 de xullo de 2001, adoptou o acordo de delegar na Deputación Provincial as facultades de xestión e recadación voluntaria e executiva deste imposto , así como a facultade para , de acordo co previsto no artigo 91 do TRLRFL, solicitar da Administración Tributaria do Estado a delegación de funcións de xestión censal e inspección e establecer ca citada administración as oportunas fórmulas de colaboración en materia de inspección en relación con este imposto.

#### **Disposición Adicional Única**

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

#### **Disposición Derogatoria Única**

A partir da data de entrada en vigor da presente ordenanza fiscal quedará derogada a Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas no Concello de Brión.

#### **Disposición Final**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 12 de novembro de 2004 e entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local , comenzará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2005 , permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. No caso de modificación parcial desta ordenanza fiscal os artigos non modificados continuarán vixentes.